

ESO

AVALIACIÓN Art. 7

- 3 sesións de avaliacións parciais.
- Entre a 3º e a avaliación final, actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación e titoría.
- A cualificación definitiva das materias ou ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.
- Non hai avaliación final extraordinaria.

PROMOCIÓN Art. 8

- Todo aprobado.
- 1 ou 2 suspensas (tamén computan as de cursos anteriores).
- Con máis de 2 materias suspensas, a norma establece **catro criterios** que se teñen que dar **simultaneamente**:
 - Media aritmética igual ou superior a 5 en todas as materias en que estea matriculado nese ano académico.
 - A natureza das materias non superadas permítelle seguir con éxito o curso seguinte.
 - Ten expectativas favorables de recuperación.
 - A promoción beneficia a evolución académica.
- Repetición medida excepcional: 1 soa vez no mesmo curso e 2 no ensino obrigatorio.
De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis en 4º ESO.

TITULACIÓN NA ESO Art. 10

- Todo aprobado.
- Ou que se cumpran **simultaneamente** as seguintes **tres condicións**:
 - Media aritmética igual ou superior a 5 en todas as materias en que estea matriculado nese ano académico.
 - Adquisición das competencias establecidas.
 - Obxectivos da etapa alcanzados.
- Pode titular o alumnado con AC.
- O alumnado que non obteña o título e supere os límites de idade poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas extraordinarias das materias que non superase.

TITULACIÓN NA FPB Art. 11

- A superación da totalidade dos módulos dun ciclo de FP Básica conducirá á obtención do título de Graduado en ESO.

MATRÍCULA DE HONRA Art. 12

- Alumnado que, logo da avaliación final do 4º curso, obtívese unha nota media no cuarto curso igual ou superior a nove puntos.
- Poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos próximo ao 5 % do total do alumnado matriculado no 4ª curso (caso de grupo inferior a 20 → unha matrícula)
- Criterios do Centro:
 - 1º criterio: nota media de 4º curso igual ou superior a nove puntos.
 - 2º criterio: aproximar a décimas e/ou centésimas en caso de haber empate.
 - 3º criterio: proceder do mesmo xeito (criterios 1º e 2º) tendo en conta os cursos de 3º a 1º ESO.